

## Vimianzo, do mar á terra

TIPO DE PROXECTO: Arqueogastronomía, ecogastronomía, saber acumulado, turismo experiencial, novas tecnoloxías

Enlaces: [www.domaraterra.com](http://www.domaraterra.com)

Concello: Vimianzo

Provincia: A Coruña



Desenvolveuse durante os anos 2012 e 2013 con vocación de continuidade, **Do mar á terra** pretende converter á poboación en xeral e ao empresariado da restauración de Vimianzo, en particular, en plataformas para a posta en valor do sector produtivo (extractivo e transformador) do mar, dunha maneira sustentable e innovadora, a través do consumo responsable dos froitos mariños capturados na zona e a divulgación das súas características singulares. Pon en evidencia a calidade dos froitos do noso Atlántico, a importancia do consumo local e a economía de proximidade, sen esquecer o pracer vinculado á inxesta de alimentos mariños, o goce da diversidade de receitas e de sabores e o recoñecemento da singularidade produtiva da Costa da Morte.

Contéplase salvagardar a memoria colectiva no que atangue aos alimentos, ás súas técnicas de recolección e/ou cultivo, de conservación e preparación. Pero tamén se pretende ir máis alá escavando nas entrañas da historia para coñecer como os nosos antepasados preparaban os produtos do mar, traballando **na recuperación de receitas e métodos de cociña da antano**, nas que se mesturan a historia, o sabor xenuíno. Como resultado do traballo e o asesoramento de expertos arqueólogos e cociñeiros, ofrécese ao visitante mostras da gastronomía das épocas castrexa e medieval.

Sen esquecer a xeografía e o valor medioambiental da costa de Vimianzo e da riqueza que agocha, especialmente de Cereixo e Sabadelle, vixiados polos Penedos de Pasarela, búscase engadir valor, ordenar recursos, crear redes e diferenciar a Costa da Morte con instrumentos que dinamicen a economía, impulsen a mellora competitiva e favorezan un espacio axeitado para o emprendemento.

### ELEMENTOS SALIENTABLES

Arqueogastronomía con produtos do mar, obtendo un produto diferenciado que enriquece a oferta gastronómica de Galicia, baseado nos sabores da historia.

Non se separa o proxecto do lugar no que se desenvolve, nin das súas xentes, e coa súa posta en marcha acádase maior dinamización da economía local e foméntase a participación da cidadanía.

<http://domaraterra.com>

<https://www.youtube.com/user/Domaraterra>

<https://www.facebook.com/pages/Do-mar-%C3%A1-terra/396942700380590>

<https://www.flickr.com/photos/vimianzodomaraterra/>



### ENTIDADE PROMOTORA:



Hosteleiros, panaderías e asociacións de Vimianzo

### ENTIDADES COFINANCIADORAS



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR



UNIÓN EUROPEA  
FONDO EUROPEO DE LA PESCA  
Invertimos en la pesca sostenible

### AEDL:

Rosa María Sánchez Martínez

### ENTIDADE/EMPRESA EXECUTORA

